

**UNIVERSIDADE DE VIGO
POSGRAO EN ESTUDOS DE XÉNERO
2008-2009 / 2009-2010**

Materia: Políticas de igualdade. Mainstreaming de xénero

Código: 3013040321

Créditos: 3

Docentes: Luz Varela Caruncho e Amada Traba Díaz

Departamento: Socioloxía, C. Política e Admón. e Filosofía.

Área: Socioloxía

Curso 2009-2010

POLÍTICAS DE IGUALDADE. MAINSTREAMING DE XÉNERO

1. CONTEXTUALIZACIÓN

As mulleres teñen recoñecidos formalmente unha serie de dereitos universais de cidadanía: o dereito á educación, á saúde, ao traballo asalariado, á participación política etc., pero, por mor dunha construción de xénero baseada na desigualdade e na subordinación patriarcal, é máis difícil para elas o exercicio deses dereitos recoñecidos formalmente. Daquela, coas políticas de igualdade trátase de avanzar na consecución da igualdade cun carácter máis substantivo, que reconeza as dificultades orixinadas na construción dun sistema de xénero de xeito desigual e xerarquizado, e de transformar o modelo relacional dese sistema.

As políticas de igualdade -que naceron da reflexión desde o pensamento feminista e da loita das mulleres contra o sistema patriarcal e a exclusión social que comporta- teñen como obxectivo xenérico conseguir que as mulleres teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades que os homes para a formación e o emprego, para participar nas decisións políticas e para gozar do ocio. Ademais, a igualdade real supón unha efectiva equivalencia na valoración de mulleres e homes, das súas actividades sociais e das súas respectivas necesidades e intereses en todos os ámbitos, así como o dereito a recibir o trato e as respostas adecuadas ás súas demandas específicas.

As políticas de igualdade son aquelas políticas impulsadas dende distintos ámbitos públicos co fin de promover a igualdade real, remover os obstáculos e as barreiras estruturais e culturais que discriminan ás mulleres e para resolver a desigualdade persistente entre homes e mulleres.

As chamadas políticas de igualdade especificamente dirixidas ás mulleres -sexan de igualdade de oportunidades ou de acción positiva- estiveron encamiñadas a combater as desigualdades no ámbito da produción, ou sexa, o espazo dominado polo modelo masculino. Posteriormente, foi preciso incorporar novas estratexias que implican o recoñecemento social e económico do traballo reprodutivo, como consecuencia da avaliación desas políticas e co estancamento observado na situación de desigualdade, o que mostra claramente a importancia da avaliación para tomar decisións estratéxicas.

O traballo que hai por diante é un traballo de transformación dos atributos que actualmente conforman o xénero masculino e feminino, supón unha nova construción dos mesmos baseada no reparto igualitario das responsabilidades. Este cambio nas políticas implica que non se destinan exclusivamente ás mulleres -para facilitar a súa incorporación aos espazos dominados polo modelo masculino- senón toda a sociedade, xa que promove profundos cambios estruturais e culturais. Esta nova perspectiva no campo de aplicación política concrétase na estratexia da transversalidade ou o *mainstreaming* de xénero.

2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

▪ Obxectivos

Reflexionar sobre os fundamentos teóricos do sistema de xénero e sobre as súas implicacións nas políticas de igualdade.

Ofrecer instrumentos conceptuais e metodolóxicos para analizar criticamente a realidade con perspectiva de xénero.

Coñecer e analizar as distintas estratexias nas que se sustenta a acción pola igualdade.

Promover o enfoque do "mainstreaming de xénero" como estratexia de transformación do sistema de xénero sustentado sobre o patriarcado e a produción.

Introducir os elementos básicos, conceptuais e metodolóxicos, que permitan a aplicación práctica con perspectiva de xénero.

▪ Competencias

Traballar as competencias do alumnado para:

Analizar a realidade social con perspectiva de xénero para poder transformala.

Ter criterio para considerar diferentes alternativas segundo o contexto.

Ter criterio para procurar, seleccionar, afondar e utilizar a información.

Asumir responsabilidades para desenvolver un traballo planificado.

Tomar a iniciativa e exercer un liderado colaborador e transformador.

3. CONTIDOS

As políticas de igualdade: conceptualización e desenvolvemento histórico.

Estratexias de intervención nas políticas de igualdade: igualdade de oportunidades, acción positiva, transversalidade e paridade.

O mainstreaming de xénero: o reto das políticas actuais de igualdade.

Os ámbitos institucionais de desenvolvemento: europeo, estatal, autonómico e local.

Actores sociais nas políticas de igualdade: empresas, sindicatos, asociacións, etc.

As políticas de igualdade na concreción en plans e programas.

4. METODOLOXÍA DOCENTE

Dado o carácter teórico-práctico desta materia combinarase a reflexión teórica e a aplicación práctica empregando unha metodoloxía activa e participativa que permita crear un clima de comunicación e debate que facilite o logro dos obxectivos propostos.

Nas aulas presenciais presentaranse os contidos co apoio de medios audiovisuais e de diversa documentación.

Realizaranse propostas de traballo e de análise para desenvolver as competencias formuladas.

Organizaranse actividades que permitan ao alumnado a reflexión crítica e o contacto directo coa realidade para poder contrastar teoría e práctica, considerar alternativas, escenarios de acción e actores sociais.

O alumnado deberá realizar exposicións orais e escritas relacionadas coas diversas actividades.

Realizarase un seguimento a través de titorías presenciais e non presenciais, individuais e de grupo.

5. AVALIACIÓN

A avaliación forma parte do proceso interactivo de ensino-aprendizaxe. Os criterios para avaliar teñen que ver cos obxectivos, competencias, contidos e actividades propostas na materia. Non se trata unicamente de avaliar os resultados inmediatos da aprendizaxe do alumnado nos aspectos cognitivos, senón que, ademais dos coñecementos, a avaliación terá en conta as capacidades instrumentais, interpersoais e sistémicas propostas. A avaliación terá carácter continuo e formativo a través de todas as actividades presenciais e non presenciais que se realicen.

6. BIBLIOGRAFÍA

Amorós, C. (1997) *Tiempo de feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*, Madrid, Cátedra.

Amorós, C. (2005) *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...para las luchas de las mujeres*. Madrid, Cátedra.

Astelarra, J. (1986) *Las mujeres podemos: otra visión política*. Barcelona, Icaria.

Astelarra, J. (1990) *Participación política de las mujeres*, Madrid, Siglo XXI.

Astelarra, J. (2005) *Veinte años de Políticas de Igualdad*, Valencia, Cátedra.

Beltrán, E., Sánchez, C. (1996) *Las ciudadanas y lo político*, Madrid, Instituto Universitario de Estudios de la Mujer, Universidad Autónoma de Madrid.

Borderías, C., Carrasco, C. y Alemany, C. (comp.) (1994) *Las mujeres y el trabajo*, Barcelona, Icaria.

Bustelo, M., Lombardo, E. (2007) *Políticas de igualdad en España y Europa*. Madrid, Cátedra

Campillo, N. (coord.) (2002) *Género, Ciudadanía y Sujeto Político. En torno a las Políticas de Igualdad*. Valencia, Institut Universitari d'Estudis de la Dona. Universitat de Valencia.

Cobo, R. (2002) "Democracia paritaria y sujeto político feminista". Anales de la cátedra Francisco Suárez, 36

Carrasco, C., Alabart, A. y Mayordomo, T. (1997) *Mujeres, trabajos y políticas sociales: una aproximación al caso español*, Madrid, Instituto de la Mujer.

Carrasco, C. (ed.) (1999) *Mujeres y economía*, Barcelona, Icaria.

Carrasco, C. (ed.) (2001) *Tiempos, trabajos y género*, Barcelona, Universitat de Barcelona.

Ferber, M. y Nelson, J. (eds.) (2004) *Más allá del hombre económico*, Valencia, Cátedra.

Fdez. Villanueva, C., Dguez. Bilbao, R., Revilla Castro, J.C., Anagnostou, A., Sancho Hernandez, M (2003) *La igualdad de oportunidades. Los discursos de las mujeres sobre avances, obstáculos y resistencias*, Barcelona, Icaria,

Garcia Prince, E (2003) *Hacia la institucionalización del enfoque de género en políticas públicas*. Caracas, Fundación Fiedrich Ebert.

Gomá, R. y Subirats, J. (coords.) (1998) *Políticas públicas en España*, Barcelona, Ariel.

- Lombardo, E. (2004) *La europeización de la política española de igualdad de género*, Valencia, Tirant lo blanch.
- Martinez, C. y Montero, M.J. (1997) *¿Qué ha supuesto la Conferencia de Beijing para las mujeres?* Madrid, MTAS.
- Maruani, M., Rogerat, C. y Torns, T. (dirs.) (2000) *Las nuevas fronteras de la desigualdad*, Barcelona, Icaria.
- Maruani, M. (2000) *Trabajo y el empleo de las mujeres*, Madrid, Editorial Fundamentos, Colección Ciencia.
- Meentzen, A., Gomáriz, E., (2003) “La democracia de género en el marco de las estrategias de acción”, en Meentzen, A., Gomáriz, E.,(comps) *Democracia de género, una propuesta inclusiva*, El Salvador, Ediciones Böll.
- Poal Marcet, G. (1993) *Entrar, quedarse, avanzar*, Siglo veintiuno de España.
- Radl, R. (ed.), (2001) *Cuestiones Actuales de la Sociología del Género*, Madrid, CIS.
- Rosilli, M. (ed.), (2001) *Políticas de género en la Unión Europea*, Madrid, Narcea.
- Stiegler, B. *Género, poder y política*, Friedrich Ebert Stiftung, Digitale Bibliothek (<http://library.fes.de/fulltext/iez/01658a.htm>).
- Stiegler, B. (2003) “¿Qué es gender mainstreaming?”, en Meentzen, A., Gomáriz, E.,(comps) *Democracia de género, una propuesta inclusiva*, El Salvador, Ediciones Böll.
- Torrabadella, L., Tejero, E. Y Lemkow, L. (2001) *Mujeres y lucha cotidiana por el bienestar*, Barcelona, Icaria.
- Traba, A. (1994) *Primeiro Plan de igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 1993-1997*.
- Traba, A., Varela, L. (1998) “Políticas de igualdad. Planes de igualdad.” Congreso Español de Sociología. Coruña
- Traba, A., Varela, L. (2006) *II Plan de igualdade do Concello de Redondela*.
- Traba, A., Varela, L. (2007) “As políticas de igualdade nos concellos” en IV Congreso Ástur-Galaico de Sociología. Universidade da Coruña.
- Varela, L., Traba, A (1999) *As mulleres de Vigo hoxe*. Concellería da Muller. Concello de Vigo
- Varela, L., Traba, A (2003) *II Plan Municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres de Vigo 2003-2004*. Concellería da Muller. Concello de Vigo.

Varela, L., Traba, A (2005) *Informe de avaliación do Primeiro plan de igualdade de oportunidades das mulleres e homes do Concello de Redondela*.

Varela, L., Traba, A. (2005) “Políticas públicas para la igualdad entre hombres y mujeres. Congreso virtual igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres”. EQUAL. Savia Femenina. Zaragoza.

Varela, L., Traba, A. (2006) *Informe diagnóstico da situación das mulleres de Redondela*. Concello de Redondela.

Varela, L., Traba, A (2007) “Aproximación a la realidad de las mujeres emprendedoras del sur de Galicia. Representaciones, trayectorias y estrategias”. IX Congreso español de Sociología. Barcelona.

Varela, L., Traba, A (2007) “Avaliación das políticas públicas de igualdade”. II Xornadas sobre Administración Pública e xénero: a xestión da igualdade no ámbito autonómico e local. Bergondo

Varela, L., Traba, A (2007) “Informe de avaliación da integración da perspectiva de xénero no proxecto Equal Conta con Elas” Vigo

Varela, L., Traba, A (2007) “Informe de avaliación dos Bancos do Tempo” Experiencia piloto do proxecto Equal Conta con Elas”. Vigo

Varela, L., Traba, A (2008) “ Políticas públicas de igualdad en el ámbito local: ejemplos de buenas prácticas”. IV Jornadas Mujeres, Instituciones y Política. Santiago de Compostela.

Walby, S. (2004) “Mainstreaming de Género: Uniendo la teoría con la práctica”. Ponencia para las Jornadas “Mainstreaming de Género: conceptos y estrategias políticas y técnicas”. Andalucía.